



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Métodos de avaliación de programas	Código	652G03023	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Profesorado	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/dptos/fmide/index.php			
Descrición xeral	<p>Esta materia redáctase pensando no alumnado das diferentes disciplinas da intervención social (traballo social, servizos sociais, animación socio-cultural,...) que deberán realizar avaliacións sistemáticas, ofrecéndolles unha formación teórica-metodolóxica específica no campo da avaliación.</p> <p>Esta materia ha de axudar ao alumnado na iniciación e na realización de avaliacións sistemáticas de diferentes programas de intervención social.</p> <p>Así, presentaranse os fundamentos metodolóxicos e os procedementos operativos da investigación avaliativa de tal forma que se consiga que os futuros profesionais introduzan elementos de avaliación no seu propio quefacer profesional.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
A6 Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.	A6		
A19 Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.	A19		
A21 Diseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.	A21		
B1 Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.		B1	
B3 Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.		B3	
B6 Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.		B6	



C1 Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
C3 Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3 C4 C6 C8
C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			
C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			
C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Perspectivas actuais da Educación Social, programas e servizos socioeducativos.	1.1. Áreas de intervención. 1.2. Delimitación e ámbito dos servizos socioeducativos. 1.3. Programas socioeducativos.
2. Investigación e avaliación de calidade.	2.1. Avaliación. 2.2. Investigación avaliativa. 2.3. Calidade.
3. Modelos ou perspectivas de avaliación e calidade de programas e servizos socioeducativos.	3.1. Modelos de calidade. 3.2. Modelos de avaliación.
4. O proceso de avaliación da calidade dos programas e servizos socioeducativos.	4.1. Cuestións previas. 4.2. Elaboración do deseño da investigación. 4.2.1. Alcance, aspectos, variables e indicadores. 4.2.2. Recopilación de datos e de información. 4.2.3. Elaboración e presentación de resultados. 4.2.4. Aplicación dos resultados.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	14	35
Aprendizaxe colaborativa	21	0	21
Esquemas	0	14	14
Estudo de casos	0	7	7
Lecturas	0	14	14
Obradoiro	0	9	9
Presentación oral	0	7	7
Resumo	0	14	14
Proba mixta	2	21	23
Atención personalizada	6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	<p>Alguns contidos do programa precisan unha exposición maxistral por parte do profesorado para centrar o proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Por iso, as clases expositivas (que se imparten un día á semana durante 1,5 horas) céntranse na exposición oral dos ditos contidos, complementada co emprego de medios audiovisuais e a introdución dalgúns preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a súa aprendizaxe.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>As clases expositivas combinaranse con clases interactivas (que se imparten igualmente un día á semana durante 1,5 horas) guiadas polo profesorado e nas que o alumnado cobra un papel importante.</p> <p>Nas clases expositivas, empregaranse un gran conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p>
Esquemas	<p>Un esquema é a representación gráfica e simplificada da información que conleva uns determinados contidos de aprendizaxe.</p> <p>Os esquemas desenvolveranse polo alumnado para a adquisición dos coñecementos aprendidos nas clases expositivas, nas diferentes prácticas grupais que se desenvolvan nas clases interactivas e nas prácticas individuais entregadas polo alumnado.</p>
Estudo de casos	<p>Mediante esta metodoloxía, o alumnado situarase ante problemas concretos (casos) que se describirán nas diferentes prácticas grupais que se desenvolvan nas clases interactivas, en donde se describirá un servizo/programa real socioeducativo.</p> <p>O alumnado debe ser capaz de analizar unha serie de feitos para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Lecturas	<p>Ao longo do cuadrimestre, facilitarase un conxunto de textos e documentación escrita que se terán recollido e editado como fonte de profundización nos contidos traballados.</p>
Obradoiro	<p>Nas clases expositivas, empregarase, conxuntamente coa aprendizaxe colaborativa (explicada anteriormente), o obradoiro, como modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) a través da cal o alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas sobre temas específicos, co apoio e a supervisión do profesorado.</p>
Presentación oral	<p>Nas prácticas que se desenvolvan nas clases interactivas, normalmente realizarase algunha intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da cal o profesorado e o alumnado interactuarán dun modo ordenado, proponendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.</p>
Resumo	<p>O resumo consiste na síntese dos principais contidos traballados.</p> <p>O alumnado empregará esta metodoloxía tanto nas clases expositivas como nas interactivas xa que é un recurso óptimo para facilitar a comprensión dos textos e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.</p>
Proba mixta	<p>Ademáis da avaliación continua realizada, a exame final fixada pola Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta. Esta proba, integrará preguntas tipo de probas de ensaio (abertas e de desenvolvemento) e preguntas tipo de probas obxectivas, que poderán combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Sesión maxistral Aprendizaxe colaborativa Estudo de casos Obradoiro	<p>O profesorado realizará un seguimento do traballo que vaia elaborando o alumnado en canto á procura, elaboración e presentación de materiais relacionados co contido da materia.</p> <p>É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas.</p> <p>As titorías desenvolveranse, polo tanto, no aula, durante as clases e no despacho do profesorado, da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>* No caso de indicacións xerais a todo o grupo (realizarase nas clases expositivas).</li><li>* A grupos de traballo pequeno (realizarase en clases interactivas -prácticas- ou no despacho do profesorado).</li><li>* Individuais (realizaranse no despacho do profesorado e versarán sobre o progreso do alumnado, para o cal presentaranse os traballos realizados).</li></ul>
---	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	<p>Ademais da avaliación continua realizada, a exame final fixada pola Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta.</p> <p>A exame centrarase nos contidos traballados en todas as clases (expositivas e interactivas).</p> <p>O sistema de corrección da dita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.</li><li>- Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: <math>\text{acertos} - \frac{\text{errores}}{n^{\circ} \text{ alternativas} - 1}</math>.</li></ul> <p>A puntuación total da exame é de 6 puntos pero é preciso acadar a metade da puntuación (é dicir, 3 puntos) para poder aprobar a materia.</p>	60



Aprendizaxe colaborativa	<p>As clases interactivas, baséanse en varios tipos de metodoloxías: aprendizaxe colaborativo e obradoiros.</p> <p>Para a realización do traballo colaborativo, é preciso formar pequenos grupos de traballo. Para realizar esta tarefa, débese ter en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas).</li><li>- Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso no que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica.</li><li>- Estos grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado.</li><li>- Sobre o traballo colaborativo, entregarase unha reflexión final (individual) que será valorada co 10% da calificación final da materia. Esta reflexión final deberá constar de:<ul style="list-style-type: none"><li>* Valoración persoal con respecto ao funcionamento do seu grupo de traballo: rol desenvolvido no equipo, como se organizou o traballo,...</li><li>* Reflexión persoal acerca dos contidos desenvolvidos: que aprendín, que sei facer agora,...</li><li>* Valoración da metodoloxía seguida nas clases.</li><li>* Reflexión persoal acerca das competencias adquiridas con respecto ás indicadas na Guía Docente (da titulación e da materia).</li><li>* Valoración persoal con respecto á práctica profesional: aplicacións prácticas dos contidos ao mundo da educación social, que aprendín para o meu futuro profesional,...</li><li>* Apreciacións personales sobre as titorías realizadas.</li><li>* Outros aspectos: materiais elaborados a maiores polo alumnado co fin de completar os contidos, referencias bibliográficas ou webs consultadas,...</li></ul></li></ul> <p>É dicir, a reflexión final debe ser a valoración final froito do traballo do curso completo e o prazo máximo de entrega será a semana seguinte de finalizar as clases.</p> <p>A puntuación deste traballo é de 1 punto pero é preciso acadar a metade da puntuación (é dicir, 0.5 puntos) para poder aprobar a materia.</p>	10
--------------------------	---	----



Obradoiro	<p>As clases interactivas, baséanse en varios tipos de metodoloxías, que sinalamos: aprendizaxe colaborativo e obradoiros de traballo.</p> <p>Nos obradoiros, poñeranse en marcha varias prácticas ao longo do curso. As ditas prácticas serán individuais e grupais.</p> <p>No caso de prácticas individuais, explicaranse nas clases interactivas polo profesorado. O prazo de entrega de estas prácticas será a semana seguinte de ter finalizado as clases.</p> <p>Con respecto ás prácticas grupais, explicaranse igualmente nas clases interactivas polo profesorado.</p> <p>Normalmente, o funcionamento nas prácticas grupais, será o seguinte: para a realización de cada unha das prácticas, empregaranse dúas clases interactivas. Na primeira delas, explícase a práctica e comézase a traballar nela. Na segunda, finalízase e exponse. O prazo de entrega é á semana seguinte de ter exposto o dito traballo. Estas prácticas, polo tanto, han de ser entregadas sempre en horario de clase (nunca por correo electrónico, nin no casillero nin no despacho do profesorado).</p> <p>É destacable que a entrega das prácticas terá que recoller tanto a parte individual traballada por cada alumno/a como a parte grupal.</p> <p>A puntuación das prácticas (individuais e grupais) é de 3 puntos pero é preciso acadar a metade da puntuación (é dicir, 1.5 puntos) para poder aprobar a materia.</p>	30
-----------	--	----

#### Observacións avaliación

As condicións da avaliación sinaladas, fíxanse para o alumnado asistente a clase. Considérase alumnado asistente a aquel que asiste a un mínimo do 80% das clases; por iso, o profesorado poderá solicitarlle ao alumnado que asine unha folla tanto á entrada como á saída. O/a estudante poderá xustificar as súas faltas de asistencia.

Para acadar a puntuación máxima en cada unha das metodoloxías non se terá en conta só si se entrega o material ou non. Teranse en consideración varios factores como: a capacidade de traballo individual, a capacidade de traballo en grupo, os coñecementos xerais básicos, a capacidade de análise e síntese, a capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas clases expositivas, a capacidade para xerar novas ideas (innovación e creatividade), a capacidade crítica e autocrítica, a toma de decisións, a comunicación oral e escrita,... Todo iso o observará o profesorado non só mediante a entrega das prácticas correspondentes e da reflexión final senón a través das diferentes clases, por iso, a asistencia a clase e a correspondente observación por parte do profesorado xugarán un aspecto fundamental, así como a asistencia a titorías.

O alumnado que non forme parte de ningún grupo, non entregue as prácticas correspondentes, a reflexión final ou non asista regularmente ás clases, só terá dereito a presentarse á exame final da materia na convocatoria oficial fixada pola Facultad (será considerado como non asistente ao 80% das clases). A exame puntuará o 100% da puntuación.

Se o alumnado asistente a clase suspende a exame, as puntuacións acadadas tanto na reflexión final como nas prácticas (individuais e grupais) realizadas pérdense; é dicir, non se reservará a nota acadada polo alumnado nestas tarefas para as seguintes convocatorias. Na exame que terá que superar na próxima convocatoria será considerado como non asistente ao 80% das clases.

#### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- AGUILAR, M.J. y ANDER-EGG, E. (1992). Evaluación de servicios y programas sociales.. Madrid: Siglo XXI.</li><li>- STUFFLEBEAM, D.L. y SHINKFIELD, A.J. (1985). Evaluación sistemática. Guía teórica y práctica.. Madrid: MEC.</li><li>- WEISS, C.H. (1975). Investigación evaluativa. Métodos para determinar la eficacia de los programas de acción.. México: Trillas.</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- VENTOSA, V.J. (2001). Desarrollo y evaluación de proyectos socioculturales.. Madrid: CCS.</li><li>- FERNÁNDEZ BALLESTEROS, R. (1995). Evaluación de programas. Una guía práctica en ámbitos sociales, educativos y de salud.. Madrid: Síntesis.</li><li>- COLÁS BRAVO, M.P y REBOLLO CATALÁN, M.A. (1993). Evaluación de programas. Una guía práctica.. Sevilla: Kronos.</li><li>- COHEN, E. y FRANCO, R. (1992). Evaluación de proyectos sociales.. México: Siglo XXI.</li></ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías